

## **Que información debería incluír a memoria das empresas candidatas aos Premios Manuel Beiras?**

**(Só os aspectos pertinentes para cada caso. Pode acompañar tanta documentación ou imaxes considere que poden axudar a valorar o que explique)**

Descrición e datos xerais sobre a empresa:

- Nome comercial e denominación legal, se é o caso.
- Datos de contacto (teléfono, enderezo, enderezo electrónico...)
- Enderezos web e de redes sociais.
- Ano de creación
- Desde cando emprega o galego de xeito habitual
- Nome ou nomes das persoas propietarias e/ou representantes.
- Tamaño da empresa.
- Explicación resumida da actividade que exerce (a que sector pertence, que tipo de produtos ou servizos ofrece, a quen...).

Normas a respecto do uso da lingua:

- Cales son os usos lingüísticos da empresa (globalmente)? Formule brevemente como describe o uso do galego na empresa. Poñémoslle un exemplo: *A web está en galego e castelán e actívase un ou outro segundo a escolla do sistema de quen accede, a actividade presencial realízase toda en galego e os documentos internos e formais de relación coa clientela tamén se redactan en galego.*
- Existe algún protocolo sobre os usos lingüísticos? A práctica que seguen é consciente? Está recollida algunha directriz nalgún documento? (normas fundacionais, regulamentos internos, carta de servizos, convenio laboral...)?

Uso do galego no funcionamento da empresa (describir e, se é posible, documentar)

- Documentación administrativa (nóminas, normas de funcionamento, contabilidade, escrituras...).
- Rotulación e sinalización en locais, vehículos...
- Atención ao público (telefónica, presencial por correo electrónico...)
- Actividade da empresa (a lingua en que se presentan os produtos, os proxectos, os servizos... e a lingua en que se desenvolven).
- Webs, redes sociais, comercio electrónico...

- Publicidade (en medios de comunicación, na rúa, merchandising, plataformas dixitais...).

Accións innovadoras, de especial impacto na promoción da lingua ou de especial interese como mérito para o premio:

- Realiza ou realizou algunha actividade ou, como empresa, forma parte dalgunha iniciativa que teña como finalidade aumentar o uso do galego, promover o seu prestixiamento...?
- Que repercusión pode ter a actividade da empresa en xeral ou algunha campaña ou acción en concreto para que aumente ou se difunda o uso do galego? É pioneira no uso do galego no seu sector? Considera que supuxo algún fito salientable a súa práctica lingüística?